



Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia

Asunto: Becerrada que se pretende realizar o 29 de Xuño en Pontevedra

A Asociación Ecoloxistas en Acción Galiza con CIF. Nº G 70601091 inscrita co nº 2020-24153 Sección 1 no Rexistro Central de Asociacións, e no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co número de Rexistro 2021/146, e no seu nome e representación Dona Nery Díaz Prieto con DNI: [REDACTED] con domicilio, a efectos de notificacións, en Camiño do Santo, [REDACTED] Lugo e enderezo de correo electrónico: ecoloxistasenacciongaliza@gmail.com

EXPÓN:

Queor mediante o presente escrito solicita a paralización da becerrada do vindeiro sábado, 29 de xuño, na cidade de Pontevedra e a paralización da actividade taurina prevista na praza de Toros de Pontevedra, en base ás seguintes **CONSIDERACIÓNS:**

PRIMEIRA.- Incumprimento flagrante do Real Decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e dá nova redacción ao Regulamento de Espectáculos Taurinos, publicado en: «BOE» núm. 54, de 02/03/1996, no relativo ao Título III, Título IV e Título V da norma referenciada.

SEGUNDA.- A Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos, publicado en: «BOE» núm. 82, de 05/04/1991, indica literalmente no artigo 2:

“La Administración podrá suspender o prohibir la celebración del espectáculo por no reunir éste o la plaza los requisitos exigidos o por entender que existen razones fundadas de que puedan producirse alteraciones de la seguridad ciudadana”

TERCEIRA.- Ademáis da citada infracción normativa, o imperativo ético que busca esta solicitude, como mostra dunha evolución social crecente, é superar as anacrónicas prácticas taurinas, erradicando toda forma de violencia pública e legalizada cara aos animais, continuando o camiño que xa foi trazado por diversos países e cidades, sin dúbida, con culturas e perspectivas máis avanzadas, para superar o antropocentrismo.

Adicionalmente, preténdese actualizar o relacionamiento entre os seres humanos e os animais en consoancia coa normativa, a cal, hoxe en día, reconece aos animais como verdadeiros seres sentintes.